



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 1/2009.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. Ramón Carballo Páez

VOGAIS:

D. Miguel A. Cela González

D. David Díaz Losada

Dna. Marta Carballo Neira

SECRETARIA:

Dna. Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día dezasete de decembro de dous mil nove, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 1/2009 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE SAN XULIÁN DE CHORENTE**, no concello de **SARRIA**, iniciado por acordo do Xurado do 2 de abril de 2009, sendo vogal instrutor **D. MIGUEL A. CELA GONZÁLEZ**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instrutor Xabier Bruña García (coa data do 15 de abril de 2009), iniciouse o expediente número 1/2009 (por instancia de **D. José Luis López González e outros**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

SEGUNDO: Coa data do 17 de abril de 2009, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.



TERCEIRO: Coa data do 17 de abril de 2009, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de Sarria, os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

CUARTO: Coa data do 23 de abril de 2009, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, na que se fai constar que o monte **DE SAN XULIÁN DE CHORENTE**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

QUINTO: Coa data do 18 de xuño de 2009, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Sarria, na que se fai constar que o monte **DE SAN XULIÁN DE CHORENTE**, tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese rexistro.

SEXTO: Coa data do 24 de xuño de 2009, na reunión do Xurado Provincial, acordouse, debido ao cesamento do anterior, proceder a nomear como instructor a MIGUEL A. CELA GONZÁLEZ, que acepta o cargo con data 17 de xullo de 2009.

SÉTIMO: Coa data do 22 de xullo de 2009, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, a iniciación do expediente.

OITAVO: Coa data do 22 de xullo de 2009, comunicóuselle ao concello de SARRIA a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

NOVENO: Coa data do 22 de xullo de 2009, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Sarria, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO: Coa data do 22 de xullo de 2009, comunicóuselle a iniciación do expediente a **D. JOSÉ LUIS LÓPEZ GONZÁLEZ** como solicitante da clasificación.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 22 de xullo de 2009, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 25 de agosto de 2009, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 166, páxina 13.952, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DE SAN XULIÁN DE CHORENTE**.

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 2 de setembro de 2009, recibíuse comunicación do Rexistro



da Propiedade de Sarria, na que se fai constar a anotación preventiva realizada (letra A, predio 24.445, libro 226 do concello de Sarria, folio 74, tomo do arquivo 482).

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 21 de setembro de 2009, recibíuse certificación do concello de SARRIA, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello desde o día 29 de xullo ata o 2 de setembro de 2009.

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 30 de setembro de 2009, ten entrada escrito asinado por Víctor Alonso Miraz, como Xefe de Patrimonio e Urbanismo de Galicia, en nome e representación do **Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF)**, no que informa sobre as limitacións á propiedade que establece a Lei 39/2003 do Sector Ferroviario, así como as normas especiais para as zonas de dominio público e de protección. Remata solicitando sexan recollidas estas consideracións no expediente.

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 15 de outubro de 2009, comunicóuselle ao alcalde pedáneo ou de barrio de San Xulián de Chorente, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **DE SAN XULIÁN DE CHORENTE**, (con voz pero sen voto).

DÉCIMO SÉTIMO: Coa data do 26 de outubro de 2009, recibíuse comunicación da comunidade de veciños de **SAN XULIÁN DE CHORENTE**, concello de **SARRIA**, na que como vogais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

- **DON FRANCISCO JAVIER LÓPEZ SOMOZA**
- **DON MANUEL LÓPEZ LÓPEZ**

DÉCIMO OITAVO: Non se recibiu ningunha alegación en contra da clasificación do monte como veciñal en man común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, tomando constancia das consideracións recollidas no antecedente de feito décimo quinto, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudo previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes e Industrias Forestais.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DE SAN XULIÁN DE CHORENTE**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**



CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **DE SAN XULIÁN DE CHORENTE**
Pertenza: veciños da parroquia de SAN XULIÁN DE CHORENTE.
Parroquia: SAN XULIÁN DE CHORENTE.
Concello: **SARRIA.**
Superficie: **82 hectáreas, 33 áreas.**

Estremas:

Zona A, superficie 71,86 hectáreas:

Norte: Predios particulares de Manuel Rigueiro López, José González Freire, Dositeo Losada Vázquez, María Fernández Dosio, Luis López Díaz Tallín, M^a Angeles Caldeiro Domao, herdeiros de Antonio López Pérez e monte comunal dos veciños de Chorente e outros.

Sur: Predios particulares de Antonio Dosio López, Dositeo Losada Vázquez, Mercedes González Freire, Pedro González Quiroga, Froilán Dosio, Consuelo González Rodríguez, Antonio González Rodríguez e outros.

Leste: Predios particulares de Josefa López López, Luis Pontón Fernández, J. Luis López González, Luis Pontón Fernández, Arturo Corral Guitián, e outros.

Oeste: Predios particulares de Antonio González Rodríguez (As Lamas) e monte comunal dos veciños de Chorente.

Zona B, superficie 10, 47 hectáreas:

Norte: Predios particulares de Mercedes Díaz López, Manuel López Vázquez, Carlos López Regueiro, Pilar Losada López, Esther López López e outros.

Sur: Predios particulares de José González Regueiro, José Rodríguez Rodríguez, Claudio López Sánchez, Celia Regueiro Regueiro, Pedro Regueiro Regueiro e outros.

Leste: estrada a San Xulián de Chorente e ferrocarril a Coruña.

Oeste: Predios particulares de Jesús Rodríguez Caldas, Narcisa López Pardo, Rosalía Regueiro González, José Rodríguez Rodríguez e outros.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL
Servicio de Montes e Industrias Forestais
LUGO- Ronda Muralla, 70 – Baixo 2º

CARPETA DEL MONTE:

“SAN XULIAN DE CHORENTE”

COMUNIDAD PROPIETARIA:

VECINOS DE SAN XULIAN DE CHORENTE

TÉRMINO MUNICIPAL:

SARRIA

2009

A suma das dúas zonas é de 82 ha , 33 áreas que o que se propon clasificar , aínda que na solicitude piden 86 ha , 33 áreas debido aun erro na planimetría .

- Que o resto das parcelas que compoñen os diferentes lugares, non se atopan afectadas por ningunha división parcelaria, segundo o parcelario actual.
- Que a posible declaración de MVMC faise no seu conxunto, aínda que teña zonas separadas entre si segundo a referencia catastral.

2. SITUACIÓN, ORIENTACIÓN, PENDENTE E ACCESOS

Segundo consta na solicitude presentada, o monte consta varias parcelas e algúns enclavados, que se corresponden coas paraxes de Cotarelo , Serra , Prado Nocellas san Xulian , Predo Nocellas e outros que non se clasifican .

As parcelas existentes nos polígonos 36 e 37 ocupan zonas baixas da periferia do termo parroquial , separadas entre si polas fincas particulares , toda a zona esta no val de Oural , pola estrada que vai de Sarria a Monforte N -546 (P.K 32) e coller o cruce que vai a Vilamaior e Nespereira , para logo coller a estrada que vai a Vilamaior .Ten unha altitude media de 450 m sobre o nivel do mar, orientación a todos os ventos e pendentes entre 10-40 %.

Na actualidade todas as parcelas teñen como unico aproveitamento ó matorral , aínda que algunhas zonas estan preparadas para sementeira de millo . estando o resto da superficies a clasificar con xestas, toxos e algúns pes aillados de rexenerado de frondosas e pequenas plantacions de P.Radiata , á espera da posta en marcha do monte veciñal .

Ás distintas parcelas pódese acceder pola estrada N-546 Sarria -Monforte e no P.K 32 , no termo de Oural coller a dereita en direccion Vilamaior e Nespereira . De tódolos xeitos, o monte ten bos accesos, e no estado actual, son facilmente percorridos nos seus perímetros, ademais hai pistas ou camiños que permiten o acceso polo interior.

3. SUPERFICIES

A superficie total do monte “De Xulian de Chorente” é de 82,33 ha, que se reparten do seguinte xeito entre as parcelas que forman o monte:

- Parcela A . Poligono 36 e 37 : Formado por las parcelas 825, 734, 826, 881, 882, 788, 890, 836, 795, 332, 834, 835, 788, 789, 790, 791, 795, 792, 196, 427, 115, 428, e 197 con unha superficie total de **71 ha 86 areas**
- Parcela B Poligono 37 : Formado por las parcelas 440, 421, 137, 422, 423, 138, 416, 214, 429, 430, 426,e 424 con unha superficie total de **10 ha 47 areas**

TOTAL:82 , 33 ha.

4. LÍMITES E PERÍMETROS

Son os que a continuación se detallan:

Zona A : Superficie de 71ha 86 areas .

Norte : Propiedades particulares de Manuel Rigueiro Lopez , Jose Gonzalez Freire , Dositeo Losada Vaquez , Maria Fernandez Dosio , Luis Lopez Diaz Tallin , M^a Angeles Caldeiro Domao , Herederos de Antonio Lopez Perez e monte comunal dos veciños de Chorente e outros .

Sur : Propiedades particulares de Antonio Dosio Lopez , Dositeo Losada Vazquez , Mercedes Gonzalez Freire , Pedro Gonzalez Quiroga , Froilan Dosio , Consuelo Gonzalez Rodríguez , Antonio Gonzalez Rodríguez e outros

Este :Propiedades particulares de Josefa Lopez Lopez , Luis Ponton Fernandez , J.Luis Lopez Gonzalez , Luis Ponton Fernandez , Arturo Corral Guitian , e outros .

Oeste:Propiedades particulares de Antonio Gonzalez Rodríguez (As Lamas) e Monte comunal de os veciños de Chorente

Zona B : Superficie de 10ha 47 areas .

Norte : Propiedades particulares de Mercedes Diaz Lopez , Manuel Lopez Vazquez , Carlos Lopez Regueiro , Pilar Losada Lopez , Ester Lopez Lopez e outros

Sur : Propiedades particulares de Jose Gonzalez Regueiro , Jose Rodríguez Rodríguez , Claudio Lopez Sanchez , Celia Regueiro Regueiro, Pedro Regueiro Regueiro e outros

Este : Carretera a San Xulian de Chorente e ferrocarril a Coruña .

Oeste : Propiedades particulares de Jesús Rodríguez Caldas , Narcisa Lopez Pardo , Rosalia Regueiro Gonzalez , Jose Rodríguez Rodríguez e outros .

5. ESTADO FORESTAL. APROVEITAMENTOS

Nas parcelas do monte atópanse unhas zonas a pastos, outras están desprovistas de vexetación arbórea, con xestas salpicadas con pes de diversas frondosas (carballos, salgueiros, etc.). Tamén existen algunhas parcelas roturadas para aproveitamento de cereal e pés illados de pinos e diversas frondosas .

Os aproveitamentos tradicionais da zona foron o pastoreo de toda clase de gando, a roza de matorral e a roturación e semente de especies propias da agricultura da zona.

Todos estes aproveitamentos que se observan fanse de xeito individualizado.

6. ESTADO SOCIOECONÓMICO

O lugar de San Xulian de Chorente atópase dentro da parroquia do mesmo nome, no termo municipal de Sarria e baixo a influencia socioeconómica de este, dentro da comarca de Sarria , un dos núcleos mais importantes da provincia de Lugo. Economía diversa con forte compoñente agrícola e gandeiro, sector maioritario na base económica local. Existe tamén un importante mercado da industria grazas a la fábrica de Cementos Oural, así como tamén atracción turística polo turismo rural no entorno do embalse de Vilasouto

